

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DE SUBVENCIÓN E PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL NO EIDO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

D. José Luis Somoza Digón, Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia formalizou na data do 05/02/2019 coas Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31/12/2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración para o exercicio 2019 entre estas institucións para a xestión da subvención concedida ás entidades locais que teñan aulas de referencia da rede CeMIT, e para o desenvolvemento das actuacións do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, que no seu artigo 6 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o



impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme o disposto no artigo 6.1, letra b) dos seus Estatutos.

Que tras a posta en marcha da Rede CeMIT e do Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, é preciso continuar traballando conxuntamente durante a vixencia do Plan para acadar os obxectivos establecidos co horizonte a 2020.

O 15 de xaneiro de 2014, asinouose o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local. Con base neste Convenio, con vixencia ata o 31/12/2018, concedeuse a condición de aula de referencia, mediante resolución de data do 12 de decembro de 2018 a Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a un total de 64 aulas en 64 entidades locais.

Na data do 27 de decembro de 2018 o Consello da Xunta de Galicia autoriza, con base nos artigos 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36 e 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión dunha subvención, mediante resolución da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia dita resolución a 45 entidades locais para o desenvolvemento das actuacións que en materia de inclusión dixital realicen as aulas de referencia da rede Cemit para o exercicio 2019. Asemade, no momento en que as restantes 19 entidades locais cumpran coa



súa obriga da rendición de contas conforme ao artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, e coa previa autorización do Consello da Xunta de Galicia, dítarase a correspondente resolución complementaria pola que se concederá a subvención para o desenvolvemento das actuacións que en materia de inclusión dixital realicen as aulas de referencia da rede Cemit para o exercicio 2019.

O artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, contempla que *“Será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos aos beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos en ningún caso consideraranse integrantes do seu patrimonio”*.

No apartado 3. dispónse que *a Administración xeral do Estado, outras comunidades autónomas e as corporacións locais poderán actuar como entidades colaboradoras das subvencións concedidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou os seus organismos públicos e demais entes que teñan que axustar a súa actividade ao dereito público. De igual forma, e nos mesmos termos, a Comunidade Autónoma e os seus organismos públicos poderán actuar como entidades colaboradoras respecto das subvencións concedidas pola Administración xeral do Estado, outras comunidades autónomas e as corporacións locais.*

Neste contexto, a Federación Galega de Municipios e Provincias, dentro do seu ámbito de competencias, está chamada a continuar desenvolvendo un papel fundamental servindo de canle de comunicación entre as distintas entidades locais de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, difundindo, promocionando e potenciando o Plan de Inclusión Dixital e, en consecuencia, na xestión da subvención concedida a 64 entidades locais para



o desenvolvemento das actuacións que en materia de inclusión dixital realicen as aulas de referencia da rede Cemit para o exercicio 2019 mediante a Resolución da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

